



DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

**MATERIA: FUNDAMENTOS DA TÉCNICA DO
MOVEMENTO**

INTRODUCCIÓN

Dende que inician a súa aprendizaxe, os alumnos dos conservatorios teñen que adestrar progresivamente o seu corpo, de xeito que durante a execución musical o rendemento da musculatura sexa o máis óptimo posible e procurar, ademais, acadar unha actitude preventiva de lesións musculares e articulares. Este adestramento, en realidade, non remata nunca mentras o profesional da música continúe a exercer a súa profesión. É, polo tanto, fundamental que os futuros especialistas en pedagogía musical teñan coñecementos teórico-prácticos sobre os fundamentos da técnica do movemento, de xeito que lles permita axudar ós seus futuros alumnos na adquisición do bo uso do propio corpo no desempeño da actividade musical.

Esta materia tratará, polo tanto, de desenrolar os contidos descritos no Decreto 183/2001, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo do grao superior das ensinanzas de música ó longo dos tres cursos mediante a explicación e a reflexión dos conceptos teóricos necesarios para poder entender esta materia, coñecementos asociados á psicoloxía, neuroloxía, anatomía, etc., e a execución de exercicios prácticos baseados sempre nas técnicas de concienciación corporal máis recoñecidas na actualidade que permitan construír un saber que axude a descubrir ós alumnos os aspectos do corpo implicados no movemento.

1º CURSO

OBXECTIVOS

- Coñecer e entender os principios da respiración. Fundamentos. Procedimentos. Métodos. Indicacións e contraindicacións.
- Adquirir coñecemento da importancia do *bo uso* do corpo e, moi en especial, do mecanismo respiratorio no acadamento da boa execución vocal e musical.
- Tomar conciencia dos hábitos adquiridos que interveñen interferindo no *bo uso* do noso corpo e, polo tanto, interferindo na boa execución vocal e musical
- Adquirir conciencia da importancia do desenvolvemento tónico-postural de xeito que se traballe sobre a correcta postura corporal.
- Coñecer as principais técnicas de concienciación corporal.
- Coñecer os aspectos fisiolóxicos do intérprete de música.

CONTIDOS

- A respiración: anatomía e fisioloxía do sistema respiratorio, fundamentos, tipos de respiración, exercicios de respiración.
- Principais disciplinas técnicas corporais na actualidade.



DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

**MATERIA: FUNDAMENTOS DA TÉCNICA DO
MOVEMENTO**

- Desenrolo tónico-postural: coordinación, tono, movemento e equilibrio.
- Aspectos fisiolóxicos do intérprete: patoloxías do aparato locomotor. O corpo e o instrumento. Ergonomía.
- Exercicios de concienciación e reeducación postural.
- Medidas de hixiene postural.

2º CURSO

OBXECTIVOS

- Coñecer e entender os principios da relaxación. Fundamentos. Procedimentos. Métodos. Indicacións e contraindicacións.
- Diferenciar claramente as sensacións de tensión, relaxación e tono xusto de diversos músculos do corpo.
- Acadar un certo dominio da relaxación mediante o método da relaxación muscular progresiva.
- Acadar un dominio básico da relaxación diferencial.
- Acadar un certo dominio dos diferentes exercicios de respiración exercitados durante o curso. Diferenciar correctamente os diversos tipos de respiración.
- Practicar e dominar os exercicios de reeducación postural aprendidos durante o primeiro curso.
- Coñecer as diferentes etapas do desenvolvemento psicomotor.

CONTIDOS

- A relaxación: fundamentos, indicacións e contraindicacións, métodos e exercicios.
- O tono: tensión, distensión e tono xusto
- Desenrolo tónico-postural: coordinación, tono, movemento e equilibrio.
- O mecanismo respiratorio.
- O desenvolvemento psicomotor. Corpo e escolarización.
- Fundamentos psicomotores: as conductas neuromotrices (tonicidade, postura e equilibrio, lateralidade, o esquema corporal, etc).
- Exercicios de concienciación e reeducación postural.

3º CURSO:

OBXECTIVOS

- Tomar conciencia da estreita relación entre as diversas manifestacións corporais e os estados afectivos.



DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

MATERIA: FUNDAMENTOS DA TÉCNICA DO MOVEMENTO

- Diferenciar os conceptos de emoción-afecto-sentimento.
- Coñecer a visión do corpo ó longo da historia.
- Coñecer e entender as cualidades físicas básicas do movemento
- Nocións básicas dos conceptos de Forza, Resistencia, Axilidade, Velocidade e Coordinación.
- Bases físicas do movemento: equilibrio, coordinación, centro de gravidade, a musicalidade do movemento.

CONTIDOS

- A linguaxe corporal.
- Bases expresivas do movemento: a tonicidade muscular e a súa relación cos estados afectivos.
- Nocións da visión do corpo ó longo da historia.
- A educación psicomotriz no contexto das Ciencias da Educación.
- Exercicios de concienciación e reeducación postural.
- Nocións básicas sobre o desenvolvemento psicomotor, esquema corporal e a linguaxe corporal.
- Interacción dos elementos: gravidade, tensión, espacio e tempo.
- Estructura espacial: tempo e movemento. A estrutura rítmica.

METODOLOXÍA

Mediante unha metodoloxía propia da dinámica de grupos que procure acadar sempre a flexibilidade necesaria para adaptarse á particularidade psíquico-corporal de cada alumno, atendendo sempre a diversidade, sosterase un encadre pedagóxico sometido ás leis da aprendizaxe máis fundamentais para o bo aproveitamento das clases. Dentro da metodoloxía baseada no constructivismo, realizarase a que se derive da aplicación dos métodos deductivos e inductivos, fixándonos máis no proceso que no resultado, sen menospreciar este último. Tratarase de que o alumno logre un maior autocoñecemento. Haberá nas clases contidos teóricos e exercicios prácticos.

RECURSOS

Espaciais: unha aula ben aireada e espaciosa na que se podan practicar as táboas de exercicios.

Materiais: proxector de transparencias. Colchoneta, espello, pelotas, etc. e un aparato reprodutor musical.

Didácticos: transparencias, láminas de anatomía humana, fotografías e material bibliográfico.



DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

**MATERIA: FUNDAMENTOS DA TÉCNICA DO
MOVEMENTO**

TEMPORALIZACIÓN

O horario de esta asignatura constará dunha hora semanal impartida nunha única sesión.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Debido ó carácter eminentemente práctico desta materia, a asistencia a clase será indispensable. A avaliación será continua valorándose o esforzo e a actitude de compromiso coas clases por parte do alumno, así como a súa predisposición e participación activa e a asimilación dos conceptos fundamentais traballados durante o curso. Para a valoración da comprensión e asimilación dos contidos teóricos do curso poderase levar a cabo unha proba escrita. O alumno que queira obter algún incremento na súa puntuación final pode optar a realizar un traballo teórico sobre algúns dos contidos do curso.

1º CURSO:

- Demostrar coñecemento e un control básico sobre a respiración. Preténdese avaliar a comprensión dos principios da respiración e o dominio básico da respiración diafragmática.
- Demostrar coñecemento da importancia do bo uso do corpo e un certo control da postura. Preténdese avaliar a comprensión dos principios que rixen o mantemento dunha boa aliñación vertical do corpo e a toma de conciencia adquirida sobre os hábitos que interfieren no logro da postura correcta.

2º CURSO:

- Demostrar coñecemento e un control básico sobre a relaxación. Preténdese avaliar a comprensión dos principios da relaxación e o dominio básico da técnica da relaxación muscular progresiva.
- Demostrar a toma de conciencia das sensacións de tensión, relaxación e tono xusto de diversos músculos do corpo. Preténdese avaliar o grao de dominio acadado polo alumno na súa percepción do seu estado tónico.
- Demostrar un bo dominio da técnica de relaxación muscular. Preténdese avaliar o grao de dominio acadado polo alumno no exercicio das diferentes fases do método de relaxación executadas durante o curso.
- Demostrar coñecemento sobre os contidos teóricos traballados no curso. Preténdese avaliar o grao de asimilación e comprensión por parte do alumno dos conceptos teóricos explicados durante o curso.



DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

**MATERIA: FUNDAMENTOS DA TÉCNICA DO
MOVEMENTO**

3º CURSO:

- Demostrar a tomar conciencia da estreita relación entre as diversas manifestacións corporais e os estados afectivos. Preténdese avaliar o grao de dominio acadado polo alumno na súa percepción do seu estado tónico e afectivo.
- Demostrar un certo dominio dos exercicios de coordinación postural traballados durante os tres cursos. Preténdese avaliar o grao de control tónico-postural obtido.
- Demostrar o dominio obtido na exercitación do mecanismo respiratorio. Preténdese avaliar o grao de control acadado nos diferentes exercicios de hixiene respiratoria efectuados ao longo do curso.
- Demostrar coñecemento sobre os contidos teóricos traballados no curso. Preténdese avaliar o grao de asimilación e comprensión por parte do alumno dos conceptos teóricos explicados durante o curso.

Sistema de cualificación.

Valorarase o progreso individual de cada alumno, tomando como referencia a súa situación inicial e o traballo semanal desenvolvido. Avaliarase en tres fases que se describen máis adiante.

Os aspectos a avaliar serán:

- Asistencia a clase.
- Participación activa durante o desenvolvemento das sesións: grado de interese e colaboración.
- Progresión en cada un dos exercicios físicos, atendendo sempre as características morfolóxicas e fisiolóxicas do alumno.
- Adquisicións de conceptos teóricos.
- Adquisición de hábitos de hixiene e saúde.
- Realización de traballos teóricos e/ou prácticos sobre os contidos tratados.

En liñas xerais, o sistema de calificación será o seguinte:

- O 40% da nota corresponderá á mellora no rendemento e consecución dos obxetivos preestablecidos.
- Un 20% da nota, á parte teórica da materia.
- Un 20% á participación individual, é dicir, á actitude positiva, afán de superación, grado de colaboración, adquisición de hábitos saudables, etc.
- O 20% restante, á asistencia a clase.



DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

ESPECIALIDADE PEDAGOXÍA DA LINGUAXE E DA EDUCACIÓN MUSICAL

**MATERIA: FUNDAMENTOS DA TÉCNICA DO
MOVEMENTO**

**Avaliación dos alumnos que pola falta de asistencia ás clases perdan o dereito á
avaliación continua.**

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua, poderán realizar unha avaliación final seguindo os criterios expostos máis arriba, dando especial valor á adquisición dos conceptos teóricos, así como á realización de traballos sobre temas puntuais relacionados cos contidos da materia. Deberán asimesmo, realizar unha serie de exercicios prácticos na mesma liña que os feitos nas clases, nos que amose o dominio das habilidades esixidas e expostas ó principio deste apartado. Serán avaliados, en resumo, mediante unha proba teórico-práctica sobre os contidos da programación.

Aqueles alumnos que, por algunha causa xustificada, quedaran exentos da parte práctica da materia, realizarán no seu lugar un traballo de revisión bibliográfica sobre os contidos da programación, ademais da proba teórica.

Exame de setembro.

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño, serán avaliados mediante un exame de carácter teórico-práctico sobre os contidos da programación e seguindo os criterios da avaliación, expostos neste epígrafe, e mediante os instrumentos que se describen na presente programación.

Instrumentos de avaliación.

- A avaliación dos contidos prácticos da materia farase mediante a observación do alumno na execución dos exercicios practicados nas clases, tendo en conta a súa evolución amosada ó longo do curso, ou ben dos exercicios executados nas pertinentes probas explicadas máis arriba para os casos de perda de avaliación continua e os exames de setembro.
- A avaliación da asimilación dos conceptos teóricos farase mediante a realización dunha proba escrita.

Fases da avaliación.

Inicial: situación de partida. Realizaremos unha valoración do estado do alumno respecto ós contidos prácticos da materia (características somáticas, experiencia previa de actividades, intereses, motivacións, etc.) e, a partir delo, desenvolver, reaxustar ou modificar algún aspecto da nosa programación.

Formativa: Axustando o propio proceso de ensinanza-aprendizaxe, proporcionando axuda pedagóxica.

Sumativa: Determinando a consecución ou non dos obxectivos do proceso educativo.